



## **ALGUNHAS INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

- DEBERASE CUBRIR METICULOSAMENTE CON TODOS OS DATOS O ANEXO II (ED550B) que se entregará **preferiblemente de forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*** (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) ou presencialmente **con cita previa na secretaría do centro**.
- A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a filloas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
- Nos **demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares**, agás que a patria potestade estea atribuída con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.
- **SÓ SE PODE ENTREGAR UNHA SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO CENTRO EN QUE SE DESEXA OBTER PRAZA**. NO CASO DE NON SER ADMITIDO/A, ADXUDICARÁSÉLLE PRAZA NOS CENTROS QUE INDIQUE NO IMPRESO POR ORDE DE PRIORIDADE.

### **A ENTREGAR XUNTO COA SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

- Fotocopia do libro de familia onde figure o neno/a. **Libro de familia (orixinal)**.
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.
- Fotocopia dos DNI do pai/nai ou titor legal.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Fotocopia do libro de vacinas.
- Se veñen doutro colexio é necesario o certificado dese centro conforme están matriculados nun determinado curso.(poderá solicitala o centro )
- O centro a través do consello escolar, establece outorgar 1 punto a aquelas instancias que demostren que os seus país/nais foran antigos alumnos do centro ou do centro escolar de primaria adscrito.

### **FORMULARIOS: Solicitude de admisión (ED550B)**

Os formularios normalizados serán facilitados gratuítamente:

- Nos correspondentes centros docentes
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>)
- Na aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

### **CONSULTA DO PROCESO**

- O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación da súa solicitude:
- Na da aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
- Utilizando o **código de solicitude** e o número de **DNI da persoa solicitante**

Vigo, 28 de febreiro de 2022.

A DIRECTORA

Asdo: Laura Amo Figueroa.

## Como presentar a solicitude de admisión

- **Forma electrónica:**

- Cubrir a solicitude na aplicación admisionalumnado. Presentar en sede electrónica (con certificado dixital ou chave365)

- **Forma presencial:**

- Cubrir a solicitude na aplicación admisionalumnado, asinar e presentala na dirección da EEI Plurilingüe Monte do Alba.
- Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada na dirección da EEI Plurilingüe Monte do Alba. Descargar o ANEXO II DA WEB OU SOLICITALO NO CENTRO.